Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
VENRES, 23 DE OUTUBRO DE 2026 | VIERNES, 23 DE OCTUBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 203

OTRAS ENTIDADES Y ANUNCIOS PARTICULARES

EMPRESAS Y SOCIEDADES

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES EPEL

Resolución da Presidencia de contratación, por parte da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL, e coa condición de persoal laboral indefinido, dun oficial de 1ª de servizos. Expediente GD. 9085/2026

ANUNCIO

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE CONTRATACIÓN, POR PARTE DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES EPEL, E COA CONDICIÓN DE PERSOAL LABORAL INDEFINIDO, DUN OFICIAL DE 1ª DE SERVIZOS.

EXPTE. GESTDOC: : 9085/2026

Na data 21 de outubro de 2026, a Presidencia da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL aprobou a seguinte Resolución:

CONTRATACIÓN, POR PARTE DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES EPEL, E COA CONDICIÓN DE PERSOAL LABORAL INDEFINIDO, DUN OFICIAL DE *1º DE SERVIZOS*.

EXPTE. GESTDOC: : 9085/2026

ANTECEDENTES:

Con data 19 de outubro de 2026 a Comisión de Selección encargada de xulgar as probas do proceso selectivo para a incorporación e contratación, por parte da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL, e coa condición de persoal laboral indefinido, dun oficial 1º de Servizos (Expediente GD. 9085/2026) publicado no BOP Nº 116, do luns 22 de xuño de 2026, nomeada mediante Resolución da Presidencia de data 04/09/2026, emite a súa proposta de contratación do aspirante que obtivo a maior puntuación, Álvaro Castro Precedo, con dni ***7438**.

O 20 de outubro de 2026 enviouse requirimento ao candidato proposto pola comisión de selección que obtivo a maior puntuación final, para que entregara a documentación solicitada na cláusula décimo primeira da convocatoria e bases, documentación que achegou en prazo e de conformidade o día 21 de outubro de 2026.

No uso das atribucións que me outorga o artigo 10 dos Estatutos da Entidade pública empresarial Augas de Ames EPEL (BOP da Coruña n.º 110, do 12 de xuño de 2023),

RESOLVO:

Primeiro.- A contratación, de acordo co establecido na cláusula décimo-primeira da convocatoria e bases do proceso selectivo, **como persoal laboral indefinido** para o desempeño do posto de Oficial 1ª de Servizos, do seguinte **candidato proposto** pola Comisión de Selección, unha vez que aportou en prazo a documentación requirida para a súa selección e contratación:

APELIDOS E NOME	DNI
ÁLVARO CASTRO PRECEDO	***7438**

Dita contratación terá as seguintes especificacións:

Denominación do Posto: Oficial de 1º de Servizos

Dedicación Xornada: Completa (100%)

Tipo relación emprego: Persoal laboral indefinido

Área funcional: Operativa

Clasificación / Grupo Profesional: G.P. 2 Nivel A

Retribucións do posto (bruto): As fixadas polo Convenio Colectivo aplicable en cada momento e, en todo caso, consonte as previsións, limitacións e/ou adecuacións normativas que, na súa condición de persoal ao servizo dunha entidade integrante do sector público, resulten procedentes.

Número de anuncio 2026/6873

Funcións:

O persoal seleccionado e obxecto de contratación asumirá a realización das funcións propias da súa condición e capacitación profesional e/ou legal, consonte o contemplado no instrumento organizativo e/ou de ordenación de postos no seu caso vixente na entidade, e previsións normativas aplicables ao respecto; e as desenvolverá no marco do obxecto social e competencias propios da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL na prestación e xestión directa dos servizos que conforman o Ciclo Integral da Auga do Concello de Ames, baixo a dirección superior e xefatura directa/técnica da/o Xerente e o/a Xefe de Servizo, respectivamente, con arranxo aos acordos e directrices xerais emanados dos órganos de goberno da entidade (no exercicio das súas respectivas atribucións), e sen prexuízo das facultades de tutela e control reservadas ao Concello de Ames, e exercidas polos órganos correspondentes.

Segundo.- Facer público o resultado do proceso selectivo na páxina Web de Augas de Ames.

Terceiro.- A publicación no BOP, DOG e na páxina Web de Augas de Ames desta resolución final de contratación do aspirante seleccionado.

Cuarto.- Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, os interesados/as poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Presidencia no prazo dun mes desde o seguinte á súa publicación. Tamén poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa publicación, conforme aos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 e o artigo 46 da Lei 29/1998.

Ames, 21 de outubro de 2026

José Blas García Piñeiro

O presidente da Entidade pública empresarial Augas de Ames EPEL

2026/6873

Número de anuncio 2026/6873